

Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA TRECE DE NOVEMBRO DE 2017.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:30 do día 13 de novembro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en segunda convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D^a. María Isabel Rodríguez López, D^a Lara Fernández Fernández-Noriega e D. Emilio Villarrea Méndez.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A



Concello de Viveiro

CABO O DÍA 06-11-17.

Non existindo ningunha obxección, procédese á aprobación da acta da sesión de 6 de novembro de 2017.

2.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 6130/2017.- OBRIGAS CON REPARO.

Vista a relación de obrigas correspondente ao expte. 6130/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 2 de novembro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **MARÍA ENMA BERMÚDEZ COCIÑA, MARÍA OFELIA DÍAZ RODRÍGUEZ e OLGA PÉREZ LÓPEZ**, por un importe total de **3.552,39 €**, que constan no expediente **6130/2017**.

Resultando que en data 3 de novembro de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base ao seguinte:

“Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:

“1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **3.552,39 €**.

2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.”

Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e dado o tempo transcorrido dende a iniciación do novo procedemento de contrato, iniciado o 23 de xaneiro de 2017, segundo informe do servizo de contratación, non estando a data actual aprobados os pregos de condicións, e aparentemente paralizado o expediente.

Tendo en conta que neste momento xa se está a tramitar, no Departamento de Contratación, o expediente para licitar o servizo de limpeza de diversos edificios municipais do Concello de Viveiro, atopándose redactado a día de hoxe un borrador do prego de cláusulas administrativas particulares, que precisa de varias modificacións.

Tendo en conta que a demora referida é debida á saturación de funcións do servizo de contratación e á carencia de medios persoais.

Resultando que o Concello non pode prescindir do servizo de limpeza, que debe continuar realizándose mentres non se remate o expediente de contratación iniciado.

Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:

I. Que o artigo 217 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.

II. Tendo en conta que xa se atopa en tramitación o expediente de contratación para o servizo de limpeza.

III. Tendo en conta que este servizo resulta indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se remate o oportuno expediente de

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

contratación, é preciso continuar coa súa prestación.

IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.

Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:

1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV.”

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 6130/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 6364/2017. OBRIGAS.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 6364/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

EXPTE. 4331/2017 .- CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA DENOMINADA: "MELLORA E REPOSICIÓN DE SANEAMENTO, REDES DE SUMIDOIROS, E ABASTECIMENTO DE AUGA NO

Concello de Viveiro

TRAMO COMPRENDIDO ENTRE O NÚMERO 70 E 96 DA RÚA GRANDE DE CELEIRO".

Vista a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no tramo comprendido entre o número 70 e 96 da Rúa Grande de Celeiro", por importe de 94.860,00 euros, a abonar ó adxudicatario (Construcciones Cazás, S.L.), fiscalizada de conformidade por Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no tramo comprendido entre o número 70 e 96 da Rúa Grande de Celeiro", por importe de 94.860,00 euros, a abonar ó adxudicatario (Construcciones Cazás, S.L.).

Segundo.- Manifestar que:

- Se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvección.
- Que os gastos totais soportados por esta entidade imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

Acreeador	Concepto	Núm. factura ou documento equivalente	Importe	Data de emisión	Data de recoñecemento da obriga
Construcciones Cazás, S.L.	Mellora e reposición de saneamento, redes de sumidoiros e abastecemento de auga no tramo comprendido entre o n.º 70 e n.º 96 da rúa Rúa Grande de Celeiro, Viveiro (Lugo)	Certificación n.º 1 e final	94.860,00 euros	08/11/2017	13/11/2017

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Contratación para o seu coñecemento e efectos.

3.- PROPOSTA DE GASTO.

EXPTE. 6356/2017.- ANULACIÓN SALDOS DE RC DAS PROPOSTAS DE GASTO DOS EXPEDIENTES: EXPTE. 4705/2016.- EXPTE. 2394/2017.- EXPTE. 4204/2017.- EXPTE.

Concello de Viveiro

1777/2017

Visto o escrito presentado polo Concelleiro de Obras, D. Jesús Antonio Fernández Cal, donde sinala que existen unhas propostas de gasto da concellería de obras co seu correspondente RC e coa conformidade da Intervención, que foron aprobadas no seu momento pola Xunta de Goberno, non resultando realizado o gasto pola totalidade dos importes retidos, solicitando a anulación de saldos de RC nos referidos expedientes, co obxectivo de poder adicalo a outros gastos. O importe total ascende a 10.651,00 euros, que pertencen aos exptes: 4705/2016, 2394/2017, 4204/2017, 1777/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidad, acorda:

Primeiro.- Aprobar a anulación de saldos de RC nos expedientes 4705/2016, 2394/2017, 4204/2017, 1777/2017, co obxectivo de poder adicalo a outros gastos. O importe total ascende a 10.651,00 euros.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

4.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

EXPTE. 6271/2017.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. María Carmen Rodríguez Fra, e con domicilio no lugar de Barral, n.º 8, San Pedro, en Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que se propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atención de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>150%<200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D^a. María Carmen Rodríguez Fra, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe



Concello de Viveiro

establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación á interesada.

EXPTE. 6314/2017.- NÚMERO DE VIVENDA.

Visto o escrito presentado por D^a Uxía Quintela Díaz con domicilio no lugar de A Cova, s/n, Vieiro, en Viveiro, no que manifesta que é propietaria dunha vivenda de recente construción sita nas parcelas 12 e 13, do lugar de A Cova, solicitando a asignación do número para o dito inmovible.

Visto o informe emitido polo Negociado de Estatística, no que se fai constar que, segundo o libro de numeración existente a entidade está formada por dous núcleos, A Cova e O Pombal, numerados correlativamente, polo que lle correspondería o seguinte:

A COVA, N.º 12- VIEIRO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Asignarlle á vivenda propiedade de D^a Uxía Quintela Díaz, a seguinte numeración de goberno:

A COVA, N.º 12- VIEIRO.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Estadística para a súa notificación á interesada.

5.- RECOÑECIMENTO DA OBRIGA.

EXPTE. 175/2016.- EXPEDIENTE DA FASE XIV ANUALIDADE 2016 OBRA PRIVADA DE REHABILITACIÓN CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.

Vista a proposta da Concellería de Facenda, no que manifesta que:

“Antecedentes

El 27 de octubre de 2015 hubo un nuevo acuerdo de la Comisión Bilateral del Ministerio de Fomento y la C.Autónoma de Galicia relativa al área de regeneración y renovación urbana del centro histórico de Viveiro 2013-2016 y prorrogado hasta 2017. Corresponde a la Fase XIV de obra privada del proyecto 2016/2/RCHV/1. Una vez cumplidos los trámites (aprobación certificación final de obra y conformidad de la propuesta de la Consellería de Medio Ambiente y del Ministerio) y con el compromiso de ingreso de las aportaciones acordadas por el Instituto Gallego de Vivienda y Suelo (IGVS en adelante) y por el Ministerio de Fomento, a fecha de hoy queda pendiente de liquidar :

EXPEDIENTE	NIF	ENDEREZO	ORZAMENTO PREVISTO	SUBVENCIÓN MINISTERIO
------------	-----	----------	--------------------	-----------------------

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Concello de Viveiro

L-AR-0072/16	01027669Y	Rosalía de Castro, nº 12- 3ºizq.	4.746,29	1.661,20
L-AR-0073/16	01027669Y	Rosalía de Castro, nº 12-3ºdcha.	2.283,05	799,07
		TOTAL	7.029,34	2.460,27

Para la realización de dichos fines existe crédito presupuestario por haber incorporado en 2017 los remanentes existentes de 2016 y por haber realizado la modificación presupuestaria 010/2017 de generación de crédito por compromiso de ingresos. En base a esto la Intervención municipal realizó la oportuna RC, quedando crédito retenido pendiente de utilizar en la siguiente aplicación de gasto:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
1522.78014	A FAMILIAS E INST SIN FINES DE LUCRO. REHAB. C. HISTÓRICO	50.450,27 €

Por tanto, visto el informe de intervención y su anexo de beneficiario, esta Concejala propone a la Junta de Gobierno Local el reconocimiento de la obligación al siguiente beneficiario del mencionado proyecto, con cargo a la aplicación 1522.78014:

EXPEDIENTE	NIF	ENDEREZO	ORZAMENTO PREVISTO	SUBVENCIÓN MINISTERIO
L-AR-0072/16	01027669Y	Rosalía de Castro, nº 12- 3ºizq.	4.746,29	1.661,20
L-AR-0073/16	01027669Y	Rosalía de Castro, nº 12-3ºdcha.	2.283,05	799,07
		TOTAL	7.029,34	2.460,27

Antes del pago, la Tesorería debe verificar si el beneficiario está al corriente de sus obligaciones tributarias. Dar traslado del acuerdo a Intervención, Tesorería y a la responsable de la Oficina de Rehabilitación del Casco Histórico de Viveiro para su notificación al beneficiario."

Visto o informe favorable emitido pola Intervención Municipal, no que se indica que antes de realizar o pago verificarase que os beneficiarios están ao corrente das súas obrigas tributarias e cos Organismos da Seguridade Social.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor dos beneficiarios que se recollen na proposta do concelleiro de facenda , con cargo á aplicación 1522.78014, segundo o seguinte listado:

EXPEDIENTE	NIF	ENDEREZO	ORZAMENTO PREVISTO	SUBVENCIÓN MINISTERIO
L-AR-0072/16	01027669Y	Rosalía de Castro, nº 12- 3ºizq.	4.746,29	1.661,20
L-AR-0073/16	01027669Y	Rosalía de Castro, nº 12-3ºdcha.	2.283,05	799,07
		TOTAL	7.029,34	2.460,27

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Segundo.- Antes do pago acreditarase por parte dos interesados que están ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e que non existen débedas en vía executiva.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos así como a Oficina de Rehabilitación para a súa notificación ós interesados.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 15:00 horas do día 13 de novembro de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.